



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 1 DE DECEMBRO DE 2022

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as dez horas do día un de decembro de dous mil vinte e dous, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don Óscar A. García Patiño, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D^a. MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. DANIEL MALLO CASTRO
D^a. MÓNICA VARELA GERMADE
D^a. MARÍA DOLORES PAN LESTA

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D.^a LÚA SANGUIÑEDO ÁLVAREZ
D. MIGUEL ÁNGEL GUTIÉRREZ NIETO
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D. DIEGO ALCANTARILLA REI

Polo grupo municipal do PP:

D. JUAN MARÍA ABALO CASTEX
D.^a MARTA MARÍA VÁZQUEZ GOLPE

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D.^a SANDRA SÁNCHEZ VIEITES

Polo Grupo Mixto:

D.^a MARÍA OLGA SANTOS LÓPEZ (de EU-Son en Común)
D.^a MARÍA JOSÉ GARCÍA HIDALGO (de C's)

Non asisten á sesión a Sra. concelleira do grupo político de UxC, dona Elisa Pestonit Barreiros, e a Sra. concelleira do grupo político do PP, dona María Jesús González Roel.

Asiste á sesión o interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias, e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 1 de decembro de 2022, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202212010900230000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que no punto da orde do día desta acta sucinta inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do único asunto incluído na orde do día da convocatoria.

ÚNICO. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMBRE

Acceso á videoacta – 00:00:33 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 21 de novembro de 2022 (CVD: InEC6tCDgOpFOy/UbYkC), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade, na sesión de data 25 de novembro de 2022, que transcrita di:

«PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO E OBRAS

En relación co Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre redactado pola entidade “Oficina de Planeamiento, S.A. (OPSA)”.

Vistos os informes emitidos polo Arquitecto Municipal con datas do 11 de agosto e 17 de novembro de 2022.

Vistos os informes-propostas emitidos polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior con datas do 12 de agosto e 18 de novembro de 2022.

Visto o informe emitido pola Secretaria Xeral con data 18 de novembro de 2022.

Visto o informe emitido polo Interventor Municipal con data 20 de novembro de 2022

Por esta Concellería Delegada da Área de Urbanismo e Obras elévase ao Pleno municipal a seguinte proposta de **ACORDOS** a adoptar:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cambre redactado pola entidade Oficina de Planeamiento, S.A que se corresponde coa pegada dixital (HASH) ICCYsqm8X1vw+UyyZ5lFEy0K9VJIqKh1LQkSIWI1PI8=, o soporte dixital non editable, e coa pegada dixital (HASH) ezFKwd+BPuX+p0vdGA16oxiVHvCiKXyufSLGCstZJbI=, o soporte dixital editable.

Segundo.- Someter este instrumento de planeamiento urbanístico así como o seu expediente completo, a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia, de conformidade co artigo 60.6 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Terceiro.- Trasladar esta documentación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, realice as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico e de audiencia aos municipios limítrofes, de acordo co apartado 7 do artigo 60 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.



Cuarto.- Solicitar os informes sectoriais non autonómicos preceptivos esixibles despois da aprobación inicial do PXOM de conformidade coa normativa vixente.

Quinto.- Suspender o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición así como de títulos habilitantes para a implantación de usos ou actividades en todo o termo municipal de Cambre agás naqueles ámbitos onde simultaneamente se cumpran as condicións das vixentes Normas Subsidiarias do Planeamento e as do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente, durante o prazo máximo de dous anos contado a partir da aprobación inicial deste instrumento de planeamento urbanístico, que se extinguirá en todo caso coa aprobación definitiva do mesmo, de conformidade cos artigos 47.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 86 do regulamento da dita lei aprobado por Decreto 143/2016.»

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 21 de novembro de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Oito (8), dos/as Sres./as: Abalo Castex, Vázquez Golpe, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 21 de novembro de 2022 (CVD: InEC6tCDgOpFOy/UbYkC), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta e tres minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, do fe.

Vº e praxe
O presidente
(Asinada dixitalmente)

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo